

UN RETO PARA

CADA DIA

## LUNS: LAND ART E LETRAS



O reto consiste en elaborar letras con materiais do noso entorno: follas, pedriñas, paus... e se non nos é posible saír ao xardín non vos preocupedes! Podemos realízalo tamén con cousiñas que atopemos pola casa: xoguetes, pezas de construción, cores.

Podemos xogar de diferentes maneiras:

- 1.- Realizar as letras do noso nome.
- 2.- Crear a letra que nos vaia propoñendo alguén da familia.
- 3.- Elaborar as letras dunha palabra que queremos crear.

## **MARTES: QUE LARANXA FLOTARÁ?**

Collemos unha laranxa e partímola á metade.

Unha das metades pelámola e a outra non. Preguntamos cal flotará das dúas?

Podemos formular hipóteses sobre o que pensamos antes de introducir as mesmas nun recipiente con auga para comprobar que sucede.

Tamén podemos facer o experimento con outras froitas e hortalizas e comprobar se acontece o mesmo.

## **MÉRCORES: CREAMOS UN XOGUETE CON ELEMENTOS DE REFUGALLO.**



O reto de hoxe consiste en crear o voso propio xoguete con materiais de refugallo que podades atopar pola vosa casa: tubos de papel hixiénico, tapóns, botellas de plástico...

- 1.- pensade que queremos crear.
- 2.- buscade os materiais que ides empregar.
- 3.- a crear e decorar!

E finalmente...poñédelle nome a vosa creación!

## XOVES: SOPRA, SOPRA



Precisamos dun vaso de plástico( tamén vale unha boliña de papel...) e unha palliña. Podemos facelo individual ou unha carreira entre todos os membros da familia.

Marcamos unha liña de partida e outra de chegada. Situámonos na saída, colocamos a palliña na boca e comezamos a soprar e soprar para empurrar o vaso ata que chegue á liña de meta. A ver que o fai máis rápido!!

## VÉNRES: ORIGAMI PITIÑO DE PASCUA



